

Pensar.

Se me preguntan polo meu traballo na escola,
digo que o único que eu fago é escoitar.
E despois? Despois poñémonos a xogar.

Construímos cousas para xogar, xogamos a que construímos cousas.
Por exemplo; unha máquina feita con roupa vella e cartón, que non produce nada máis ca
pequenas alegrías. Outra para mesturar historias, como os ingredientes dunha ensalada.
Porque cando xogamos, nós somos os carpinteiros do universo.
Somos científicos altamente cualificados, somos lingüistas e leñadoras no medio da fraga.
Somos ministros plenipotenciarios dunha nación inventada para a ocasión.
Somos outros que non somos.
Mexicanos, animais en vía de extinción ou pedrolos coidando da nada.
Somos un monumento nacional nós!
Somos doutro tempo ademais, daquel dos mouros ou dunha época que está por vir.
Somos tantos nosoutros nós!

Gústanos os libros.
Gústanos tocalos e cheiralos. Saber que están aí preto, coma un amigo.
Chístanos merendar enriba deles, rirlles os chistes se son riseiros e chorar cando nolo piden.
Gústanos ser os nosos libros unha tarde calquera.
Xa logo construiremos unha cabana con eles, para contarlles historias.
A trola máis grande do mundo llela contaremos aos nosos libros!
Eles contarán as súas e así pasaremos a tarde enteira.
Faremos unha bonita fogueira e cantaremos cancións nunha lingua nova.
Tamén imos pescar, nun río de montaña colorado de carrasco e tranquilo.
Un río que pasa polo noso cabano. Porque si, porque nos da a gaña.

A procura da felicidade en cada un dos nosos feitos non é algo para tomar á lixeira.
Tampouco algo que deixar para mañá ou que está ao alcance duns poucos.
A entrega xenerosa de tempo que calquera nena e neno fai durante a etapa escolar é
monumental. Catedrais de tempo precioso e único, que é regalado para non volver xamais.
O prezo é alto e ninguén de nós sabe canto tempo ten o tempo.

Logo, velaquí unha bonita responsabilidade.
Que é iso tan bo que lles podemos dar aos demais a cambio do seu tempo?
Que pode ser tan valioso que compense ese gasto?